

SAN CARALAMPIO (A NOSA FESTA)

Alá polo ano 1946, en plena posguerra, o médico compostelán Alberte de la Fuente xunto cos melidaos Fondevila e Suso do Pelos armaron o que sería a primeira edición do Caralampio. Para moitos o patrón dos borrachos. A festa non foi unha invención deles, senón que tiña como referente a que se celebraba en Santiago baixo o mesmo nome, en Marín tamén o celebran. De la Fuente sen dúbida foi o artífice, xa que era picheleiro. Os primeiros anos celebrábase no lugar coñecido aínda hoxe como O Cruceiro, a carón da taberna de Pelos. Segundo conta Mingos de Pita.

Os carteis humorísticos, alá polos 70, eran unha fiestra aberta á creatividade, á ironía, ao realismo social etc. etc. En 1996 con motivo do quincuaxésimo aniversario, tivo lugar una gran exposición destes carteis. Unha grande grúa enriba da igrexa parroquial e encabeizando o debuxo o texto «Melide paraíso da construción», a pé de praza dous paisanos preguntábanse se o párroco estaba de acordo. O debuxo era de X.M. Broz, todo un mestre de mestres. Tamén por eses anos a festa recaeu en mans de xente máis nova que tamén lle deu pulo, entre outras cousas, ao Antroido. O noso recoñecemento para eles, aquí sen dúbida e cando nace a Banda do Peto, os pementos, os



cachelos nas pallas, o concurso de debuxo «Alberte La fuente», etc. Coido que o «Tiro á lata con escopetas de pau» no Pozo Pequeno xa vén algo máis de vello. Quen vos pode contar isto con detalle é o propio Mingos, sen dúbida cronista «extra oficial» da nosa vila. O dos carteis humorísticos perdeuse, non así o debuxo, o concurso de tiro ou a gastronomía xa referida. Pero ultimamente, máis ou menos dende o ano 90, a festa mudou case 100 x 100 masa 100 x 100. «Enrolarse coa peña» é o que se leva, camiseta branca, pano, rotuladores, gorros de palla, e viño por riba. Os tempos cambian: Pero é unha mágoa que todas as grandes festas desta índole cada día se parezan máis entre elas, preguntándote ás veces onde estás.

Falo da Saínza en Ourense, do Berro Seco na Costa da Morte, os Caneiros en Betanzos, o Naseiro en Viveiro ou a subida a Santa Tegra no sur do país. Un dos «slogans» ou «frase para o recordo» daquel Maio do 68 parisino era «Prohibido, prohibir», eu dende logo non lle vou prohibir a ninguén nada, San Caralampio me libre. Pero un consello vouno dar, quizais un pouco retrogrado de máis, por favor deixade as pistoliñas de plástico na casa, oh. E levade unha boa bota de viño» Se cae algún por fóra non pasou nada, pero tampouco o tiredes en plan industrial, meus. Ou si, dicíase que o Caralampio é como o Antroido transgresión pura e xornadas de liberdade a oito. Pois iso, que cada can lamba o seu.....

DANIEL MATO CEA, B1C